

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O AUDITORIO DE GALICIA PARA REALIZACIÓN DO XIV FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES ‘CURTOCIRCUÍTO’ 2017

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar co **Auditorio de Galicia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o dende **a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017**

Que o instrumento convencional ten por obxecto:


A colaboración na organización da XIV edición do Festival Internacional de Curtametraxes ‘Curtocircuíto’, que se desenvolverá entre o 1 e o 8 de outubro de 2017, a través dunha programación que abrangue proxeccións de filmes –das que un mínimo de 16 serán de produción galega–, actividades de formación profesional e debate para o sector audiovisual, encontros co público e seminarios.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Agadic, atendendo aos seus fins de fomento da demanda de produtos culturais e impulso na difusión do patrimonio cultural galego, e de cara a unha maior eficacia dos recursos dispoñibles, considera necesario promover a relación entre os distintos axentes culturais galegos no ámbito audiovisual, establecendo programas de cooperación con outros entes con fins semellantes ou complementarios.

A colaboración, neste caso, co Auditorio de Galicia busca indicir nun maior coñecemento da produción audiovisual e posibilitar un enriquecemento e variedade da oferta cultural na cidade de Santiago de Compostela, polo que ambas as entidades consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante o ano 2017 que afonden na promoción, potenciación e difusión do sector audiovisual a través da organización das actividades obxecto deste convenio.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

